



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE MAIO DE 2014

LICENZAS

LIC/368/2014.- CONSELLERÍA DE SANIDADE-XUNTA DE GALICIA- Aprobar o Proxecto Básico e de Execución de Saúde de Galeras, sito na Rúa Entrerriós.

PARCELACIÓNS E SEGREGACIÓNS

LIC/444/2014.- MANUEL ANGEL ANTELO LISTE- Conceder licenza de parcelación da finca sita na Rúa Agriña de Amio, 4-6

LIC/614/2014.- MARIA DEL CARMEN RIVADULLA RODRIGUEZ.- Conceder licenza de parcelación da finca sita na Rúa dos Chouchiños.

LIC/1193/2013.- JOSE VARELA FREIRE.- Conceder licenza de parcelación da finca sita na Rúa da Carballa, nº8.

LIC/1512/2013.- JUNTA DE COMPENSACIÓN POLIGONO 2 SUP-3.- Rectificación do erro material detectado no primeiro parágrafo, substituíndo a referencia a parcela PR11 pola PR4, en tanto que ésta é a parcela obxecto de licenza.

3.- Devolución de fianzas.

Unha vez que os departamentos correspondentes informaron favorablemente sobre o cumprimento das condicións dos contratos, a XGL tivo a ben aprobar a devolución das seguintes fianzas:

-Subministración de cascos polivalentes para os bombeiros. PEYCAR PONTEVEDRA S.L. 1.418,40 €.

-Servicio Asistencia Xurídica ao Concello. (UTE) Roibás e González Concheiro. 8.474,58 €.

-Obras e pavimentación sector 23 Vidán. Eulogio Viñal. 2.796,65 €.

Servizo de mantemento rede de telecomunicacións. TELINDUS S.A.1.000 €.

4.- Propostas da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativas ao nomeamento de supervisores municipais de diversas obras.

A proposta da concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou o nomeamento de D. Diego Briega. Arquitecto Municipal para a supervisión das seguintes obras:

-Reurbanización Caramoniña.

-Reurbanización rúa Caramoniña- tramo Escultor Asorey.

-Corredor Verde de Bonaval.

-Acceso zonas altas Almáciga, ámbito rúas Basquiños e Pastoriza.

5 a 36.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmoables.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

37.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á corrección de erro no acordo de data 12.12.2013.

A XGL aprobou esta corrección de erros coa que se rectifica o acordo desa XGL e apróbase o presentado hoxe que non é máis que a aplicación dunha porcentaxe do 75% no incremento de valor dos terreos de natureza urbana para unha cidadá e que na XGL do 12 de decembro de 2013 se aprobara o 95% que non lle correspondía.

38.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas ao rexeitamento de recursos de reposición.

A XGL aprobou rexeitar tres recursos de reposición para a aplicación da exención do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica a tres cidadáns que o solicitaron toda vez que estas persoas xa tiñan concedida unha exención noutro vehículo e ésta so se non se pode aplicar simultaneamente.

39.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exención no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios.

43.- Devolución de cantidade ingresada en concepto de canon pola concesión de bens de uso público municipal na Alameda para a colocación de postos durante as festas do Apóstolo 2013.

Unha vez que se informou favorablemente por parte do xefe de Servizo de Festas a XGL aprobou, a proposta do Concelleiro de Festas, proceder á devolución parcial do canon por ocupación do espazo público nas Festas do Apóstolo debido á suspensión das mesmas coa conseguinte retirada da ocupación na vía pública. O importe desta fianza ascende a 30.844,44 €.

44.- Transmisión da licenza de Autotaxi núm. 38, da titularidade de D^a JOSEFINA LIÑARES FUENTES, a favor do seu fillo D. JOSÉ LUIS CARAMÉS LIÑARES.

Apróbase.

46.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á inscrición dunha empresa no Rexistro Técnico de Rehabilitación.

Apróbase.

47.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación provisional da Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1), no ámbito da reserva de equipamento RU-10. Virxe da Cerca, 6.

A XGL do 6 de marzo de 2014 aprobara inicialmente esta modificación. A solicitude desta modificación fora presentada pola Fundación Centro Galego de Solidariedade co obxecto de que se lle poida dar, dentro do uso asistencial que xa ten, o uso de aloxamento temporal en albergues. A proposta da Concelleira de Urbanismo a XGL de hoxe acorda aprobar inicialmente a modificación deste Plan.

49.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Administración Xeral relativa á aprobación do proxecto de Regulamento Orgánico para a organización e funcionamento da Asesoría Xurídica do Concello.

Esta proposta faise en base ao artigo 129 da LBRL que establece que a Asesoría é un órgano necesario e o seu titular é un órgano directivo polo que a súa regulación debe facerse mediante un regulamento orgánico. Hoxe a XGL aprobou este regulamento que posteriormente se someterá ao Pleno da Corporación para a súa aprobación.

51.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade Cidadá e Tráfico relativa á aprobación das normas de seguridade que rexerán para a celebración das cacharelas da noite de San Xoán 2014 en espazos públicos e privados.

A XGL aprobou as normas de seguridade que rexerán para a celebración das cacharelas da noite de San Xoán 2014 en espazos públicos e privados.

Estas normas poderán consultarse na web do Concello e tamén, a través da web, poderáse facer as solicitudes para as cacharelas.

As solicitudes poderanse facer entre o 2 e o 16 de xuño ata as 14 horas.

Terán prioridade as Asociacións veciñais e culturais.

Ademais das normas sobre seguridade, distancia, volumen do que se queima...lémbrese que queda expresamente prohibido realizar cacharelas nas seguintes prazas:

-Obradoiro, Quintana, Toural, San Martiño Pinario, Inmculada, Mazarelos, Irmán Gómez e San Agustín.

URXENCIAS

1 a 5-A XGL aprobou diversos convenios de colaboración coas seguintes cuantías económicas:

- Real Sociedade Económica de Amigos del País: 6.200 €.
- Curso universitario internacional Música en Compostela: 3.825 €
- Confraría da Vera Cruz: 2.500 €.
- Federación de Libreiros de Galicia: 3.825 €.
- Escudería Compostela-Rally Botafumeiro: 10.000 €.

6.- Expediente de traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións.

Aprobación do inicio do expediente de contratación "Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións". O importe de licitación deste contrato é de 120.000 €.

- 2014: 80.000 €
- 2015: 120.000 €
- 2016: 120.000 €
- 2017: 40.000 €

7.- Revisión de prezos do servizo de recollida de residuos urbanos e limpeza viaria para o ano 2014.

A proposta do concelleiro de Xestión de Servizos Básicos e unha vez visto o informe do técnico municipal, a XGL aprobou a revisión de prezos do servizo de recollida de lixo quedando o canon para o ano 2013 en 8.379.2139,52 €, froito da revisión do IPC interanual entre decembro de 2011 e decembro de 2012 do 2,90%.

Tamén se aproba o pago de atrasos por importe de 215.396,45 €.

Aprobouse tamén a revisión de prezos do servizo de recollida de lixo quedando o canon para o ano 2014 en 8.402.068,10 €, froito da revisión do IPC interanual entre decembro de 2012 e decembro de 2013 do 0,30%.

Tamén se aproba o pago de atrasos por importe de 238.325,03 €.

8.- Acondicionamento e mellora das pistas municipais nas parroquias de Santa Cristina de Fecha, San Xoán de Fecha e outras incluídas no POS 2014 da Excma. Diputación Provincial da Coruña.

Noutro punto aprobouse tamén a corrección de erros sobre aprobación do proxecto de acondicionamento e mellora de pistas municipais nas parroquias de Santa Cristina de Fecha e San Xoán de Fecha e outras incluídas no POS 2014 e, onde dicía o acordo da XGL de 11/03/14 "así como informe xustificativo da concurrencia da necesidade e idoneidade da contratación" debe de dicir que "aprobado o proxecto por acordo da XGL de 11/03/14, correxido por acordo da XGL 20/03/14 coa correspondente memoria descritiva e xustificativa".